

Documento distribuído por
Álbum de mulleres

O xardín esquecido

Texto de Francisco X. Fernández Naval para a
presentación da obra de María Mazás *Poemario Atlántico*
(2016)



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

O XARDÍN ESQUECIDO

Francisco X. Fernández Naval

Conta José Ángel Valente, nun breve texto titulado *Segunda variación en lo oblicuo*, incluído no libro **El fin de la edad de plata**, que o emperador Hi-Tsung pintou con exquisito coidado no detalle un paspallás e un narciso. Nin ave nin flor ocupan na folla do álbum o centro do espazo alumeado, senón un lugar de máis lixeira luz, situado no recuncho dereito. Ave e flor non poden ser centro, di Valente, só indicación do centro ou guía do ollo que os mira para acadar a forma non visible na que ave e flor están inscritos. Valente engade que o emperador pouco soubo do poder, da gloria ou das vitorias militares. Sobreviven del, nun recuncho de luz atenuada, a ave e a flor.

Lembrei esta historia cando acudín á casa de María Mazás para coñecer o seu mundo de caixas e de soños. As caixas de María son instalacións que configuran mundos; coma ondas no estanque que procuran o incógnito a partir dun centro difuso que pode ser o movemento do peixe, da londra, unha brisa ou a folla que cae.

No seu interior as caixas acollen apenas a contorna e as sombras dos obxectos. Acollen, pero non pechan, non gardan, non esconden. As caixas son coma un xardín esquecido onde en silencio alentan a garza e a roseira, como a lámina onde Hi-Tsung debuxou paspallás e narciso. Hai nelas un equilibrio entre materia e esencia, xogo de contrarios entre o límite e a infinitude, porque do marco de cada caixa nace a idea do ilimitado, un eco secreto, un perfil de alas que se transforma en voo á procura da luz. A caixa é pola materia que recibe, vive dela e con ela adquire outra dimensión e outro valor. Ao compartir o misterio, a ruína e a fraternidade dos despozos, a caixa deixa de ser un simple receptor, e tamén ela participa da cadencia, da evocación, da suxestión, dos significados posibles ou imposibles que a combinación das formas que lle nacen dentro propón ao ollo espectador. Os despozos, evidencia de elementos grosos e informes, vólvense aquí sutil invocación. Na súa coxugación semellan estacións que abeiran un camiño de iniciación, algo semellante a un canto de paxaro na alborada, un resplandor, a intuída e feliz manifestación da transparencia.

Como na pintura de Hi-Tsung, nas caixas os obxectos tampouco son centro; inscríbense nos baleiros e dende as periferias procuran o equilibrio e a harmonía das ondas do estanque. Eses obxectos naceron nalgún lugar esquecido, formaron parte doutro ser do que se desprenderon, navegaron entre escumas e correntes, sufriron vendavais e ficaron arrombados sobre os areas solitarios. Despoxos de materia e de existencia, anacos de nós que o ollo e a man de María Mazás rescatan do informe e do caos.

Transitiva, María viviu dándolle o rostro a dous horizontes, nun xogo de difusas e complexas simetrías. Cara ao nacente enfrontou un mar de mitos e de illas que baña os pés do deserto e a espuma da sede, mar no que naufragan os desherdados e desposuídos. Cara a occidente intuía a harmonía entre a vida e a morte, entre o ronsel e a sombra; mollou os pés nun océano de descubertas e baladas de amor, extensión de auga que cabalga no vento e transpira os vapores dos bosques e das xunglas.

Nos coídos e furnas desas dúas paisaxes María deixou anacos de si mesma, crebas desprendidas do seu ser que recolleu e gardou, consciente do seu valor. Agora, quieta pero non inmóbil, no centro dese baleiro procurado, equidistante de si, nin limitada nin contida, resgardada polas voces dos ausentes, por esa caixa maior e familiar que é a casa, polos cuartos e o patio, polo glaucoma das fiestras, polo recendo das flores e do té, María constrúe interiores que son como lembranzas e como parábolas, tempo suspendido no respirar da alma, no limiar da luz.

Alerta, procurando escoitar o silencio, atenta ao son do que esquecemos e á sutil vibración do perdido, María busca e accede á natureza da materia, máis alá da aparencia, máis alá do aspecto, penetra no intrínseco e enfa, relaciona, establecendo entre as formas un compás sosegado, ritmo que corresponde a aquel que non só persegue, senón que atopa.

Un imaxina a María calada na concentración, na tensión que leva a desbotar, a alixeirar, a darlle vida ao aire. O resultado son estas composicións que evocan a proporción, que rebordan intensidade, que nos sitúan na sorpresa ou no asombro. Como dicía Matsuo Basho, a propósito do haiku, é preciso aprender do piñeiro e do bambú, uníndose ao ser das cousas, sentindo o seu latexar máis íntimo. Hai algo aquí que nos lembra o haiku. Nesa composición poética importa o límite dos

versos e a estrutura silábica, pero ao cabo, e máis alá da condición da estrofa, o haiku, se é, ten a cualidade de suspender o instante e de transcender os límites, como transcenden o marco das caixas as instalacións de María, como suspenden o tempo. A súa proposta vai máis alá do estético. María sabe que antes do zen as montañas eran as montañas e as árbores eran árbores. Durante o zen as montañas foron os soños dos espíritos e as árbores as voces da sabedoría. Despois do zen, as montañas serán de novo montañas e as árbores recuperarán o seu ser de árbores.

Agora, estes despoixos, viven o seu momento inmóbil e transformador, ese momento único da creación dos mundos, do mundo.

2016.